

LETRAS GALEGAS 2011

LOIS PEREIRO



11

Mala sorte
 É por primeira vez desde que souben
 que aínda respiraba e seguía vivo
 nel o que é sentir medo a non estalo

Interrompido na mellor escea
 cando estaba soñando un soño dérmico
 de paixón e beleza
 cunha aerea distancia literaria e sabia


Só ela podía ser tan inoportuna
 groseira inculta e pouco delicada
 chamándome despois de ter sobrevivido
 á comfortable atracción do fracaso
 e saber dunha vez o que era a vida
 amar e ser amado.
 setembro, 95

Poesía última de amor e enfermidade



Reparando o asfalto como epifanía

Cuspídemme enriba cando pasedes
 por diante do lugar no que eu
 repouse
 enviándome unha húmida mensaxe
 de vida e de furia necesaria.
 outono, 95



lois pereiro

poesía última
 de Amor
 E enfermidaDe

1992-1995

Edicións Positivas

Curiosidade

Saber que está un á morte
 e o corpo é unha paisaxe de batalla:
 unha carnicería no cerebro.

¿Permitirías ti, amor deserto,
 que nesta febre penitente abrise
 a derradeira porta e a pechase
 detrás miña, sonámbulo e impasible,
 ou porías o pé
 entre ela e o destino?
 novembro, 92


¿Que lle podo ofrecer a quen me intente?:
 días contados de paixón inerte
 e amor eterno sempre compartido
 coa débeda obrigada a unha existencia
 amortizada en pagos usurarios
 conxugando os verbos vivir e amar
 en primeira persoa do plural
 reducidos ás formas do presente.

¿Que lle podo ofrecer a quen me intente
 se son un fío solto da esperanza
 tecida e destecida
 por Penélope?
 xuño, 95

Poesía última de amor e enfermidade, 1992-1995

O último libro que lle publicaron en vida é o seu legado máis consciente. O poeta escribe sabedor da inminencia da súa propia morte, inspirado por un augurio que o leva á redención curativa mediante a escrita.

Un libro catárquico no que Pereiro afina a súa expresión poética, tinguindo estes versos de corte clásico cunha forza vital á que non é doado subtraerse.



Con constantes alusións ao corpo enfermo e ao amor que o protexe da dor, os poemas (escritos todos eles nos derradeiros tres anos da súa vida) conforman unha sorte de diario no limiar da morte. Un testamento co que Lois Pereiro ascende á nómina da poesía universal, cunha temática pública e privada na que a calquera persoa lle é posíbel recoñecerse.